

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 4 DE MAIO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución da prórroga do Plan estatal de fomento do arrendamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, aprobada polo Real decreto 637/2016, do 9 de decembro.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos dereitos mineiros do parque eólico Cadeira situado nos concellos de Trabada, Riotorto, A Pontenova, Lourenzá e Mondoñedo (Lugo) e promovido pola sociedade Norvento Eólica, S.L.U. (LU-11/127-EOL).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., para a celebración da segunda edición do Programa Agrobiotech Innovación, cun custo máximo de cincocentos mil euros (500.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo durante o curso escolar 2017/18, por importe de cento seis mil novecentos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (106.925,61 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña, para o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón durante o curso escolar 2017/18, por importe de catrocentos noventa mil noventa e seis euros con cincuenta céntimos (490.096,50 €).
- Acordo de recoñecemento, autorización e cualificación como colección visitable do Museo Mares de Cedeira.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia no Proxecto de orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para os anos 2017 e 2018 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional). Total: dez millóns cento vinte e oito mil douscentos cincuenta e dous euros (10.128.252€).

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Defensa e a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2017, por un importe de cincocentos sesenta e nove mil catrocentos dezanove euros con dez céntimos (569.419,10 €).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Medio Rural para conceder subvencións aos consellos reguladores das denominacións de calidade para financiar os seus gastos de funcionamento, por un importe total de catrocentos oitenta mil euros (480.000 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Proxecto de orde conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén un sistema electrónico específico nin un modelo electrónico normalizado.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre a futura Lei de rehabilitación e de rexeneración urbana de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a convocatoria de subvencións a proxectos de instalacións de fotovoltaica nas comunidades de propietarios para o ano 2017.
- Informe sobre o proxecto de instalacións de paneis de enerxía fotovoltaica no Complexo Administrativo de San Lázaro en Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe do Programa galego para a detección precoz do cancro de mama. Avaliación 1992 – 2016 e informe de resultados 2016.
- Informe sobre o desenvolvemento da Estratexia galega de mellora da hixiene das mans. Estratexia Sergas 2020.

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Informe sobre o proceso electoral para a renovación dos órganos de goberno dos consellos reguladores agroalimentarios.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO CO MINISTERIO DE FOMENTO QUE PERMITIRÁ DESTINAR 16 MILLÓNS DE EUROS ESTE ANO PARA AXUDAS AO ALUGUEIRO E Á REHABILITACIÓN DE VIVENDAS

- *O acordo permitirá aplicar en Galicia a prórroga do Plan estatal de vivenda 2013-2016*
- *Está previsto que unhas 4500 familias galegas se poidan beneficiar das axudas establecidas ao abeiro do plan de vivenda*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Fomento que permitirá destinar este ano 16 millóns de euros a diferentes liñas de axuda ao alugueiro e á rehabilitación de vivendas na nosa comunidade. O convenio suporá aplicar en Galicia a prórroga do Plan estatal de vivenda 2013-2016, mentres o Ministerio de Fomento avanza na elaboración da nova programación.

Está previsto que unhas 4500 familias galegas se poidan beneficiar das axudas establecidas ao abeiro do plan de vivenda.

O convenio establece fondos por importe de 16.012.582 euros que se destinarán en 2017 ás catro liñas de axudas incluídas no Plan estatal de vivenda de aplicación en Galicia:

- Programa de axuda ao alugueiro de vivenda
- Programa de fomento da rehabilitación edificatoria
- Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas
- Programa de apoio á implantación do informe de avaliación dos edificios.

A Xunta de Galicia ten xa en avanzado estado de tramitación as correspondentes ordes de bases e resolucións de convocatorias das axudas dos catro programas, co obxectivo de reducir ao mínimo o atraso causado pola demora na aprobación dos orzamentos xerais do Estado, que condicionan a sinatura do convenio e a posta en marcha das convocatorias de axudas.

No caso concreto do Programa de fomento da rexeneración e renovación urbanas, que en Galicia se desenvolve a través das áreas de rehabilitación integral, será precisa a sinatura dos correspondentes acordos específicos de financiamento con cada concello e respecto a cada área de rehabilitación integral declarada.

Ese paso non será necesario para as axudas ao alugueiro de vivenda e de rehabilitación, que serán convocadas directamente pola Xunta. No caso da rehabilitación edificatoria, centraranse en axudas a comunidades de propietarios de vivendas para a realización de actuacións de rehabilitación e melloras dos edificios, e

as de apoio á implantación do informe de avaliación de edificios, permiten que os propietarios de vivendas e de comunidades de veciños accedan a subvencións para a realización do dito informe, necesario para solicitar e obter axudas para a rehabilitación.

A XUNTA AUTORIZA UN NOVO PARQUE DO CONCURSO EÓLICO NOS CONCELLOS LUCENSES DE TRABADA, RIORTORTO, A PONTENOVA, LOURENZÁ E MONDOÑEDO

- *A instalación do parque Cadeira suporá un investimento de 22,7 millóns de euros*
- *Contará con 6 aeroxeradores cunha potencia total de 18 MW e unha capacidade aproximada de produción anual de enerxía de máis de 58.000 MWh*
- *Con esta autorización, o concurso eólico suma 24 parques e máis de 580 MW autorizados, cun investimento total de 740 millóns de euros*

A Xunta autorizou o parque eólico Cadeira, que estará localizado nos concellos lucenses de Trabada, Riotorto, A Pontenova, Lourenzá e Mondoñedo. Trátase dunha nova instalación, enmarcada no concurso eólico galego, que suporá un investimento de 22,7 millóns de euros e que contará cunha potencia total de 18 MW a través da instalación de 6 aeroxeradores.

Con este novo parque na provincia de Lugo, que alcanzará unha produción aproximada de enerxía anual en torno a 58.000 MWh, o Goberno autonómico suma 24 parques do concurso aprobados, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondigo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol, Paraño Oeste, Xinzo Norte, Chan do Eixo, Oural, Tenzas do Aire, a primeira fase de Monte Arca, Cordal-Ousá, Orrea, Alto da Telleira, Campo Pequeno, Carracedo, Coto de Frades, Olerón, Neda, Figueiras, Serra do Faro e A Pastoriza, acadando un total de 582,5 MW e un investimento de case 740 millóns de euros.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica centrado na recuperación do liderado do sector, así como na creación de emprego e riqueza para a sociedade. Dentro deste contexto, cabe sinalar que os plans industriais asociados ao concurso eólico galego están a xerar xa máis de 1000 millóns de investimento na comunidade, ao que se suma a creación de máis de 2000 empregos directos.

Así mesmo, tras impulsar o novo concurso eólico en 2010, o Goberno galego ten en conta as administracións locais, de xeito que por medio do canon eólico se recadaron xa 160 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, o novo proxecto autorizado polo Consello da Xunta, e promovido por Norvento, suporá unha fonte de financiamento importante para os concellos nos que se instalen os aeroxeradores, que se poderán beneficiar da recadación obtida do devandito canon.

Ademais, a Xunta espera que a nova poxa de enerxías renovables fixada para este mes de maio se converta nunha oportunidade que contribúa a que o sector eólico galego impulse o desenvolvemento dos seus proxectos na Comunidade.

A XUNTA IMPULSA A INNOVACIÓN NAS PEMES E O EMPREGO TECNOLÓXICO CUALIFICADO COA NOVA EDICIÓN DA ACELERADORA AGROBIOTECH

- *A iniciativa, que se enmarca na Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020, estará destinada a empresas xa constituídas nos sectores estratéxicos da biotecnoloxía, agroalimentación e biomasa para favorecer o crecemento sustentable*
- *O obxectivo é impulsar a engalaxe das empresas innovadoras galegas en fase de crecemento e o fortalecemento do emprego tecnolóxico cualificado a través dun plan de traballo personalizado e práctico*
- *A actuación, que conta cun orzamento de 500.000 euros, beneficiará este ano ata un máximo de 10 pemes innovadoras e a convocatoria abrirase mañá na web do programa incluíndo novidades especialmente destinadas a aumentar a individualización dos servizos*
- *As empresas situadas en Lugo e Ourense obterán unha maior puntuación co obxectivo de fixar poboación no rural*
- *As 11 empresas que participaron na primeira edición de Agrobiotech recomendan o programa e a maioría prevé xerar emprego, mellorar a súa xestión e abrir novas liñas de negocio*
- *O programa forma parte da Rede galega de aceleradoras a través da que se desenvolveron 500 proxectos que supuxeron a mobilización de 14 millóns de euros*

A Xunta reforzará o impulso que está a dar á innovación das pemes galegas cunha segunda edición do programa Agrobiotech, unha aceleradora de empresas dirixida a potenciar o despegue das empresas innovadoras dos sectores da biotecnoloxía, agroalimentación e biomasa en fase de crecemento e a fortalecer o emprego tecnolóxico cualificado a través dun plan de traballo personalizado e práctico. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración para o desenvolvemento deste programa que conta cun orzamento de 500.000 euros. Deste xeito, mañá mesmo está previsto abrir durante un mes a convocatoria para a selección das empresas participantes na páxina web do programa <http://agrobiotech.gal/>.

A iniciativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que se enmarca na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), está destinada a pemes innovadoras e/ou de base tecnolóxica. O programa busca, ademais, a vertebración do interior de Galicia, Lugo e Ourense. Por iso, as empresas situadas nestas provincias terán unha puntuación maior no proceso de selección, co obxectivo de fixar poboación no rural, unha das prioridades do Goberno galego. Así mesmo, exixirase que as firmas, xa constituídas, teñan facturación no ano 2016, ao tempo que se valorará o incremento de volume de negocio nos tres últimos anos.

Esta aceleradora de empresas inclúe este ano novidades especialmente destinadas a aumentar a individualización dos servizos e céntrase en dous grandes grupos de actuacións. En primeiro lugar, un itinerario personalizado de aceleración para as empresas seleccionadas, ata un máximo de 10, que poderán beneficiarse dos servizos incluídos nun programa de traballo individualizado e a medida deseñado por titores especialistas e orientado cara a cumprir catro obxectivos: a mellora da facturación e innovación das empresas; dos seus produtos innovadores no mercado; das vendas no exterior e internacionalización; e da captación de financiamento externo.

Agrobiotech, en segundo lugar, inclúe accións transversais nas que poden participar as empresas beneficiarias da primeira edición da iniciativa, como é o II Encontro Agrobiotech Innovación orientado a profesionais e axentes referentes. Como novidade nesta edición buscarase a participación activa dos clústers, centros tecnolóxicos e empresas tractoras referentes. O pasado ano tomaron parte neste congreso 330 participantes de España, Francia e Portugal con 56 relatores expertos, 28 expositores de produtos e servizos innovadores e a realización de máis de 130 reunións *one to one*. Tamén se inclúe unha continuidade da Lonxa de inversores BIO, no que as pemes poden formarse e recibir titorización para mellorar o seu plan de negocio, e unha avaliación dos resultados das 11 empresas que tomaron parte na primeira edición deste programa.

A primeira edición

A valoración das compañías que tomaron parte precisamente foi alta con respecto aos seus resultados: o 100% recomendan o programa; o 82% das pemes prevén xerar emprego; e o 73% reportan mellora da xestión e apertura de novas liñas de negocio. Ademais, é preciso destacar que as novidades incluídas na edición deste ano son froito dunha avaliación que a Xunta fixo das accións realizadas tanto por parte das empresas como por parte das entidades colaboradoras (Tecnópole, Cetal, Clusaga, Asebío e Bioga).

En definitiva, este programa está orientado a aumentar o potencial innovador das pemes galegas, favorecer o desenvolvemento de novos produtos innovadores, establecer relacións con novos socios e facilitar a transferencia de información entre empresas. O que se persegue é favorecer a consolidación das empresas e o seu crecemento sustentable.

Agrobiotech forma parte da Rede galega de aceleradoras a través da cal se desenvolveron, nos catro últimos anos, 500 proxectos que supuxeron a mobilización de 14 millóns de euros. Entre as aceleradoras postas en marcha destacan VíaGalicia, en coordinación coa Zona Franca, que tras desenvolverse en Lugo e Ourense, está na súa fase final con proxectos onde se presta especial atención á Industria 4.0; os *coworking* que se realizan en colaboración coa Escola de Organización Industrial (EOI);

colabórase tamén con Vodafone na iniciativa *Connecting for Good Galicia*; con Telefónica no programa *Galicia Open Future*; con PSA e Ceaga, na *Business Factory Auto* de Vigo; e, por último, están en marcha 6 novas aceleradoras centradas en proxectos de I+D+i apoiados desde o ámbito privado.

Os tres sectores emerxentes nos cales se centra Agrobiotech están a ser impulsados pola Xunta con diferentes iniciativas: a biotecnoloxía a través da Estratexia de impulso á biotecnoloxía na que a Xunta leva investidos preto de 20 millóns en menos dun ano, que implican unha mobilización total de case 40 millóns; a biomasa a través da Estratexia integral de impulso á biomasa coa que se pretende aforrar 70 millóns anuais na compra de combustibles fósiles e crear 1000 novos postos de traballo; e a agroalimentación a través dun novo programa pioneiro en Galicia, dotado de 90 millóns, que permitirá impulsar a contratación laboral de 10.000 menores de 30 anos neste sector e na Industria 4.0.

XUNTA E DEPUTACIÓN DA CORUÑA RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN PARA O FUNCIONAMENTO DO IES RAFAEL PUGA RAMÓN E DO CENTRO DE FP RAMÓN CALVO SOTELO

- *Dáse así continuidade ao servizo educativo que se vén prestando neles*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación dos convenios vixentes entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do Instituto de Educación Secundaria Puga Ramón e do centro de formación profesional Calvo Sotelo. Deste xeito, dáse continuidade ao servizo educativo que neles se presta, e que beneficia a máis de 800 alumnas e alumnos.

En total serán algo máis de 597.000 euros destinados ao funcionamento de ambos os dous centros, durante o curso escolar 2017/18. Trátase fundamentalmente de parte dos gastos de persoal (tanto o docente como o de administración e servizos), gastos xerais (subministración, reparacións), mantemento, limpeza e conservación.

O departamento educativo da Xunta de Galicia vén prestando o seu apoio á Administración provincial para o soporte destes dous centros educativos desde hai máis de 30 anos.

A XUNTA RECOÑECE COMO COLECCIÓN VISITABLE O MUSEO MARES DE CEDEIRA

- *O centro ten como obxectivo preservar a memoria colectiva da actividade mariñeira nesta vila coruñesa*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria recoñecerá como colección visitable o Museo Mares de Cedeira. Despois de que o Consello da Xunta o aprobase na súa reunión semanal, dando así resposta á solicitude presentada pola Asociación Mares de Cedeira, tras a constitución deste centro, inaugurado o 23 de xullo de 2016. O obxectivo deste museo é preservar e transmitir ás xeracións futuras a memoria colectiva do traballo desta vila no mar a través das coleccións particulares de instrumentos náuticos, aparellos de pesca e diversos obxectos vinculados coa actividade mariñeira e pesqueira que posuían os membros da devandita asociación. No proxecto de creación do centro participaron tamén o Concello e a Confraría de Pescadores.

Os fondos que integran a exposición permanente abranguen diferentes coleccións nas que están representados todos os aspectos desta cultura. Así, na primeira parte do percorrido expositivo amósanse embarcacións de tamaño natural e diferentes elementos e pezas procedentes de barcos pesqueiros xa desaparecidos. Así mesmo, pódese admirar o banco do derradeiro carpinteiro de ribeira da vila coas súas ferramentas, unha das coleccións de artes de pesca máis importantes, tanto pola súa relevancia como pola variedade e carácter exhaustivo dos elementos que están expostos.

Salgaduras e conservas

Na segunda parte do percorrido, baixo o título *Do mar á conserva*, expóñense pezas procedentes dalgunha das 13 fábricas de salgadura e conserva que chegaron a existir en Cedeira. A continuación, outra pequena sección amosa unha pequena colección de varias clases de motores. Na sala do museo poden contemplarse tamén coleccións de pezas de diferentes ámbitos do sector: ferramentas de marisqueo, maquetas de buques, documentos de navegación, planos, fósiles mariños, instrumentos de comunicación, material de seguridade e salvamento...

O percorrido expositivo remata cunha colección de crustáceos de Galicia e do mundo e cunha valiosa colección de malacoloxía, única na Comunidade, cedida por Manuel Suárez, que consta de 5091 elementos.

Requisitos

A Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia, establece, no seu artigo 112, que se considera "colección visitable" aquela que non reúna todas as características e

condicións necesarias para o seu recoñecemento como museo, sempre que as súas persoas titulares faciliten, mediante un horario accesible e regular, a visita pública e o acceso do persoal investigador. Así mesmo, os seus fondos gozarán das atencións básicas que garantan a súa custodia e conservación.

A partir da entrada en vigor da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, con este son 22 os museos, coleccións ou centros catalogados como "colección visitable" en Galicia (2 museos e 19 coleccións visitables).

A XUNTA INCREMENTA AS AXUDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS EN PROL DA INCLUSIÓN

- *A nova orde de subvencións para os anos 2017 e 2018 aumenta nun 20% con respecto ao 2016 e 2017, chegando o orzamento aos 10,1 millóns de euros*
- *Será subvencionable o funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social, proxectos de carácter innovador e actuacións que faciliten o acceso ao mercado laboral das persoas en risco de exclusión entre outros*
- *Esta liña de axudas enmárcase na Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020*

A Xunta de Galicia aprobou a nova orde para a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e de inclusión social para os anos 2017 e 2018. En total, a nova liña de axudas contará cun orzamento de 10.128.252 euros para este bienio, o que representa un aumento do 20% respecto ao investimento realizado na convocatoria anterior. Trátase do quinto ano consecutivo no que se incrementa o orzamento destinado a esta convocatoria que será, por terceira vez, plurianual para dar resposta ás demandas das entidades e facilitar un prazo maior para executar as súas accións. Así, o prazo subvencionable das actuacións financiadas pola orde, amplíase ata 15 meses.

A orde regula diferentes axudas, entre elas aquelas dirixidas á cobertura de necesidades básicas como o aloxamento e manutención, as cales constitúen un primeiro nivel de atención que brinda ás persoas usuarias o acceso ao resto dos recursos dispoñibles. Para acadar este obxectivo, o importe consignado permite garantir que todos os centros de inclusión e emerxencia social recibirán subvención, sempre que contén con autorización oficial da Xunta.

No resto de tipoloxías de axudas, a subvención vai dirixida a proxectos de carácter innovador ou complementarios aos servizos sociais comunitarios e á atención para a inclusión social e acceso ao mercado laboral das persoas en risco de exclusión social e da poboación inmigrante. Inclúe, así mesmo, un programa de mediación intercultural, dirixido a facilitar a comunicación e a convivencia entre persoas procedentes de diferentes culturas, así como, por primeira vez, o financiamento de accións de asesoramento técnico en estranxeiría.

A orde incorpora, ademais, unha liña de actuación consistente en investimento en centros de inclusión e emerxencia social e unidades funcionalmente vinculadas, tanto para construír ou mellorar centros como para adquirir inmobles, equipamento, moblaxe e vehículos de transporte vinculados á prestación dos servizos propios do centro.

No plano económico, do orzamento total da orde, 5,5 millóns de euros corresponden ao ano 2017 e 4,6 millóns de euros para o 2018. Deste total, 2,9 millóns de euros destínanse ao funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social e á realización de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de carácter innovador; 4 millóns de euros serán para servizos de apoio á inclusión sociolaboral, de formación adaptada e de intervención comunitaria en territorios en exclusión; a atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo da poboación inmigrante contará con 474.805 euros; e o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e unidades funcionalmente vinculadas ascenderá a 2,6 millóns de euros.

Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020

Esta orde enmárcase na Estratexia para a inclusión social de Galicia 2014-2020, que dá especial importancia aos procesos vinculados á inclusión social das persoas usuarias dos servizos, establecendo unha liña de axudas destinada ao desenvolvemento de accións de capacitación persoal para a mellora da empregabilidade das persoas en situación ou risco de exclusión social, así como ao traballo de acompañamento social e ao apoio preciso para facilitar a participación das persoas destinatarias nos proxectos de inclusión sociolaboral.

A XUNTA E O EXÉRCITO REFORZARÁN CON MÁIS PATRULLAS A VIXILANCIA NOS MONTES GALEGOS PARA DISUADIR E REDUCIR A ACTIVIDADE INCENDIARIA

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura deste convenio de colaboración, a través do cal se incorporan 27 patrullas terrestres e dous equipos de mantemento móbil ao dispositivo de loita contra os incendios forestais*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Ministerio de Defensa para reforzar a vixilancia nos montes galegos, co obxectivo de disuadir e reducir a actividade incendiaria mediante a incorporación de 27 patrullas terrestres e dous equipos de mantemento móbil do Exército.

Desta forma, increméntase o número de efectivos nos montes galegos con respecto ao ano anterior, pasando de 25 patrullas a 27, que estarán formadas por militares sobre vehículo. O obxectivo principal desta acción conxunta é reforzar a vixilancia e identificación dos potenciais axentes causantes dos lumes forestais, ao tempo que se busca que a propia presenza de medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delituosas.

A Consellería financiará o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración. O orzamento previsto para o recoñecemento, despregamento, actividade operativa e remudas da unidade das Forzas Armadas ascende a un total de 569.419,10 euros euros.

Pola súa parte, o Ministerio de Defensa levará a cabo os despregamentos operativos de patrullas terrestres -neste caso un total de 27- durante a campaña de alto risco de incendios forestais en Galicia. Este despregamento poderá ser superior se aumenta o esforzo por situacións de risco alto ou moi alto, chegando ás 75 patrullas e 2 helicópteros de vixilancia se o nivel de risco é moi alto.

Todo este persoal se sumará ao dispositivo de loita contra incendios, baixo o mando único da Xunta, que na tempada de alto risco acada os 7.000 efectivos despregados nos montes galegos. Desta forma mellórase tamén a seguridade das persoas e os bens, así como a riqueza forestal de Galicia.

A XUNTA MANTÉN O SEU APOIO AOS CONSELLOS REGULADORES SUBVENCIONANDO CON 480.000 EUROS OS SEUS GASTOS DE FUNCIONAMENTO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a repartición de axudas para 24 indicacións xeográficas e denominacións de orixe protexidas*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a repartición de axudas para os consellos reguladores de produtos de calidade galegos que ascenden a 480.000 euros. O orzamento mantense nas marxes dos últimos anos, cun incremento de preto do 2% respecto ao exercicio anterior. Este orzamento achegarase aos 24 órganos de xestión de indicacións xeográficas protexidas e denominacións de orixe galegas para facer fronte a gastos ordinarios como o de persoal.

As subvencións sitúanse entre os 11.500 e os 28.000 euros, segundo o consello regulador. Na repartición aplicáronse criterios relacionados coa dispersión da área xeográfica da denominación, o peso dos ingresos propios respecto dos gastos totais e o peso dos gastos de persoal fronte ao total de gastos.

A través destas axudas a Xunta contribúe ao desenvolvemento das funcións destas entidades, claves no fomento e promoción da súa produción e no control dos alimentos de calidade. As subvencións son de especial relevancia para aqueles consellos reguladores cunha facturación global máis pequena e para os de recente creación, xa que son os que teñen maiores dificultades de autofinanciamento.

Os produtos de calidade teñen unha importancia capital para a nosa comunidade tanto dende o punto de vista económico como social xa que chegan a unha facturación anual duns 350 millóns de euros. Implican a case 30.000 explotacións agrarias, moitas delas de carácter familiar, e a 900 industrias.

A XUNTA HABILITA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS QUE NON DISPOÑEN DE MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO A TRAVÉS DA SÚA SEDE ELECTRÓNICA

- ***Esta nova funcionalidade permitirá presentar en liña solicitudes, escritos e comunicacións dirixidos a calquera órgano, servizo ou unidade da Administración xeral e do sector público autonómico***

A Xunta ampliará as funcionalidades da súa sede electrónica, habilitando a presentación telemática de solicitudes, escritos e comunicacións que non dispoñen dun modelo electrónico normalizado.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe sobre a orde que habilitará esta nova funcionalidade, que permitirá remitir en liña documentación dirixida a calquera órgano, servizo ou unidade da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Deste xeito, dáse tamén cumprimento á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ao facilitar a realización de calquera trámite administrativo de forma electrónica nos casos de suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos coas administracións públicas, e tamén para os casos daquelas persoas físicas que non estean obrigadas e que opten por empregar esta vía.

Este servizo estará operativo a partir do vindeiro 9 de maio a través da sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal> e servirá, por exemplo, para a presentación de recursos, alegacións, presentación de documentación asociada a procedementos que non están na sede electrónica, xustificacións, ou documentación para a sinatura de convenios. En xeral, dará cobertura a calquera cuestión que o cidadán, persoa física ou xurídica, queira presentar ante a Administración e non exista un modelo electrónico específico.

Con esta iniciativa, o Goberno galego amplía as funcionalidades da sede electrónica e a carteira de servizos dixitais para facilitar á cidadáns e empresas a súa relación coa Administración.

A sede electrónica da Xunta entrou en funcionamento en 2011 e o pasado ano rexistrou máis de 89.000 xestións en liña. Actualmente están dispoñibles electronicamente 1261 procedementos, dun total de 1346, o que constitúe o 93% dos procedementos que a Administración galega ten á disposición da cidadanía. Para simplificar o seu acceso, o pasado ano habilitouse o acceso á sede co servizo Chave 365, que substitúe o uso de certificados electrónicos por un sistema de claves concertadas no móbil e que conta con 13.700 usuarios do sistema rexistrados desde a

súa posta en marcha. Ademais, o pasado mes de xaneiro activouse o servizo de emisión de certificados a través da sede electrónica da Xunta, que xa permite obter o título de familia numerosa e o certificado de discapacidade sen necesidade de desprazarse ata as unidades administrativas correspondentes.

Estas iniciativas inscríbense no Plan de administración e gobernos dixitais 2020, que a Xunta puxo en marcha en 2015 para acadar unha administración accesible, áxil nas respostas, con capacidade para anticiparse ás necesidades das sociedade e eficiente no uso dos recursos públicos e que ofrece. Unha vez completado, o plan permitirá un aforro estimado de máis de 41 millóns de euros.

A XUNTA IMPULSA A PRIMEIRA LEI DE REHABILITACIÓN DE GALICIA CO OBXECTIVO DE PROPICIAR A RECUPERACIÓN DOS NÚCLEOS DEGRADADOS E CONVERTELOS EN FOCOS DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL

- *Trátase de crear un marco normativo, administrativo e financeiro que facilite a rehabilitación de vivendas e a rexeneración urbana, superando as barreiras que a dificultan na actualidade*
- *O Goberno galego aspira a fomentar a cultura da rehabilitación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns, dignificando, ao mesmo tempo, a paisaxe construída e xerando oportunidades de desenvolvemento tanto no rural como nas áreas metropolitanas*
- *Poñerase o acento na recuperación dos conxuntos históricos de forma compatible cos valores históricos ou culturais da arquitectura protexida*
- *Poderanse establecer unhas normas de aplicación directa para evitar certas limitacións para actuar en cuestións secundarias das vivendas, derivadas de instrumentos de planeamento obsoletos ou de demostrada ineficacia, así como para garantir a accesibilidade*
- *Ábrese a posibilidade de declarar a utilidade pública e urxente ocupación de edificios especialmente degradados nos que cómpre unha intervención inmediata*
- *Crearanse as áreas RexUrbe de interese autonómico en ámbitos de valor histórico, cultural ou patrimonial nos que se promoverá unha actuación integrada por parte das distintas administracións e outros axentes*
- *Promoveranse as medidas económicas que incentiven a recuperación de vivendas, fomentando a concentración dos recursos públicos de distintas administracións, a colaboración das entidades financeiras e a participación da iniciativa privada*
- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, que elabora a norma de forma coordinada con outros departamentos da Xunta de Galicia e de xeito especial con Patrimonio Cultural, prevé que a Lei poida ser remitida ao Parlamento dentro dun ano*

A Xunta está a impulsar a primeira Lei de rehabilitación de Galicia co obxectivo de propiciar a recuperación dos núcleos rurais e urbanos que se atopan degradados para convertelos en focos de dinamización e revitalización económica e social. Así se recolle no informe sobre a Lei de de rehabilitación e rexeneración urbana de Galicia que foi analizado hoxe no Consello da Xunta.

A iniciativa de elaboración desta Lei parte da necesidade de facer fronte ao abandono que sofren pequenos núcleos rurais e ámbitos urbanos que, en moitos casos, teñen valor histórico ou patrimonial. Desde o obxectivo de dignificar a paisaxe construída e de poñer en valor a arquitectura tradicional, pero tamén co fin de xerar actividade e desenvolvemento, o Goberno galego quere promover a recuperación destes ámbitos

deteriorados para que funcionen como centros de actividade económica, social ou cultural.

O Goberno galego aspira, con esta lei, a afondar no fomento da cultura da rehabilitación como vía para mellorar a calidade de vida dos cidadáns, dignificando, ao mesmo tempo, a paisaxe construída e xerando oportunidades de desenvolvemento tanto no rural como nas áreas metropolitanas

Trátase de crear un marco normativo, administrativo e financeiro que facilite a rehabilitación de vivendas e a rexeneración urbana, especialmente nos conxuntos históricos, superando as barreiras que a dificultan na actualidade, tanto desde o punto de vista normativo e administrativo como social e financeiro.

Obxectivos da lei

A Lei de rehabilitación e rexeneración urbana márcase como obxectivo prioritario facer dos elementos propios da nosa cultura arquitectónica factores de revitalización e dinamización de Galicia, promovendo un rural vivo e unhas áreas metropolitanas activas.

Partindo de que non hai maior desprotección que a que sofre un edificio abandonado e sen uso, a lei busca facilitar a rehabilitación do patrimonio construído de forma compatible co seu valor histórico ou cultural, cando o teña.

Así mesmo, preténdese artellar as medidas que contribúan a mellorar a calidade de vida dos cidadáns intervindo nas edificacións existentes, reducindo as necesidades de ocupación do territorio e garantindo as condicións de habitabilidade das vivendas.

Así, as medidas responderán aos obxectivos específicos de promover a coordinación entre administracións; suprimir as trabas e dificultades para quen acomete a rehabilitación; impulsar o atractivo social das áreas rehabilitadas; garantir planificación e cualificación técnica nas intervencións; sentar as bases para unha xestión pública decidida e para facilitar a participación cidadá; facer da recuperación de espazos un motor de desenvolvemento para o seu contorno; xerar, a través da propia actuación rehabilitadora, actividade económica e emprego.

Ámbitos de actuación

En consonancia coa lexislación básica estatal, a lei diferencia entre dous ámbitos de actuación: a rehabilitación edificatoria e a rexeneración urbana. Así, o primeiro caso comprende as actuacións de recuperación de edificios deteriorados ou que non reúnan os requisitos básicos de funcionalidade, seguridade e a habitabilidade. Neste capítulo, o Goberno galego mantén a aposta polas áreas de rehabilitación integral para aquelas

intervencións que afecten edificios e vivendas dun ámbito declarado, podendo preverse a urbanización dos seus espazos públicos.

En segundo lugar, a rexeneración urbana refírese a actuacións que afectan tanto a edificios como tecidos urbanos, podendo chegar a incluír obras de nova edificación en substitución de inmobles previamente demolidos e procurándose programas de actuación de carácter integral, con implicacións sociais e económicas.

Medidas de impulso das actuacións de rehabilitación

Para acadar os obxectivos marcados, a primeira Lei de rehabilitación de Galicia prevé establecer un conxunto de medidas que se agrupan en dous grandes bloques: medidas facilitadoras para a axilización de trámites, eliminación de trabas e coordinación administrativa. E medidas de carácter financeiro, que ordenan os investimentos e fondos que destinan as administracións ás políticas de rehabilitación, as axudas financeiras e os incentivos indirectos, como as desgravacións fiscais.

Entre as medidas máis destacadas está a posibilidade de establecer nos núcleos históricos unhas normas de aplicación directa para evitar certas limitacións á hora de actuar en cuestións secundarias das vivendas, derivadas de instrumentos de planeamento obsoletos ou de demostrada ineficacia. Esas **normas de aplicación directa poderán** ter como finalidade, así mesmo, garantir a accesibilidade das vivendas.

Para os ámbitos urbanos especialmente degradados que precisan dunha rápida intervención tanto no plano edificatorio como no social, ambiental e económico a través dunha estratexia integral, está prevista a declaración de áreas RexUrbe. Estas estarán dotadas dun plan de dinamización, dun Centro RexUrbe que tramite e coordine as actuacións de rehabilitación e dun Fondo RexUrbe para o financiamento dos proxectos de rehabilitación integral.

Nestes espazos, nos casos concretos de edificios ou conxuntos de edificios nos que cumpra unha intervención inmediata, ábrese a posibilidade de declarar a utilidade pública e urxente ocupación.

Cando os ámbitos urbanos degradados coincidan cun conxunto histórico, o Consello da Xunta poderá decláralo Área RexUrbe de interese autonómico para o que será necesario dispor dun Plan de dinamización, conservación e protección dos conxuntos históricos e nos que se poderán realiza intervencións directas por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Entre outras medidas cabe salientar tamén a creación dunha rede de oficinas de rehabilitación ou a implantación da plataforma informática de rehabilitación.

En relación coas medidas financeiras, a lei aposta pola concentración dos recursos para garantir que cheguen onde máis se necesitan, posibilitando a combinación de diferentes tipos de financiamento público, ademais doutras formulas como instrumentos financeiros, incentivos fiscais, etc., fomentando ademais a colaboración público-privada.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, que elabora a norma de forma coordinada con outros departamentos da Xunta de Galicia e de xeito especial, con Patrimonio Cultural, prevé que a lei poida ser aprobada polo Consello da Xunta e remitida ao Parlamento dentro dun ano.

A XUNTA IMPULSA UN PROXECTO PIONEIRO DE AUTOCONSUMO ELÉCTRICO MEDIANTE A INSTALACIÓN DE PANEIS FOTOVOLTAICOS NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO DE SAN LÁZARO

- *Esta iniciativa, á que se destinarán 1,5 millóns de euros, inclúe a colocación de 3.100m² de paneis en forma de pérgolas no aparcadoiro, o que permitirá atender o 12% do consumo total dos edificios administrativos*
- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria poñerá en marcha, ademais, un novo programa de axudas para proxectos fotovoltaicos co que se prevé beneficiar unha trintena de comunidades de propietarios*

A Xunta vai investir 1,8 millóns de euros no impulso ao autoconsumo eléctrico a través de enerxías renovables mediante dous proxectos: unha iniciativa pioneira que se desenvolverá no Complexo Administrativo de San Lázaro, onde se instalarán 3.100m² de paneis fotovoltaicos en pérgolas na zona de aparcadoiro; e a través dun novo programa de axudas para impulsar esta tecnoloxía nas comunidades de propietarios.

O proxecto da Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), que se desenvolverá en San Lázaro, cun orzamento de 1,5 millóns de euros cofinanciados con fondos Feder, permitirá xerar enerxía para os edificios que albergan o Igape, o Instituto Galego de Estatística (IGE), a área de Emprego, o Sergas, a Consellería de Medio Ambiente e a Dirección Xeral de Montes. A instalación terá unha potencia de 500 kW, o que fará posible atender o 12% do consumo total do complexo e aforrar 55.000 euros ao ano na factura eléctrica para as arcas públicas.

Esta iniciativa non só busca reducir os custos enerxéticos, senón que tamén ten un carácter demostrativo, dando exemplo desde a Administración autonómica no emprego de enerxías renovables. Ademais, mellorarase a iluminación exterior con tecnoloxía LED; as instalacións equiparanse con cinco puntos de recarga de baterías para vehículos eléctricos; e a actuación complementarase coa substitución da caldeira de gas do edificio da Dirección Xeral de Montes por outra de biomasa. Xunto cos novos equipamentos enerxéticos, o proxecto establece tamén a modernización dos espazos, co saneamento integral da zona de aparcadoiro e circulación de vehículos e peóns.

Novas axudas para as familias

Este proxecto pioneiro que se desenvolverá no Complexo Administrativo de San Lázaro completéntase coa posta en marcha dunha nova convocatoria de axudas, dotada con 300.000 euros, para instalacións fotovoltaicas en comunidades de propietarios.

O programa inclúe axudas do 50% do investimento e prevese que podería beneficiar un total de 30 proxectos e arredor dunhas 360 familias. Así, calcúlase que o conxunto

dos beneficiarios aforrarán preto de 30.000 euros ao ano na súa subministración enerxética. Ademais, a concesión destas axudas contribuirá á mobilización de 600.000 euros.

Está previsto que a iniciativa, que forma parte do Plan de vivenda 2017, se publique no DOG o vindeiro 9 de maio, abrindo o prazo de presentación de solicitudes en concorrencia competitiva ata o 9 de xuño. En total, a Consellería de Economía, Emprego e Industria destina este ano axudas por preto de 14 millóns de euros a diferentes programas de axudas ás enerxías renovables.

O PROGRAMA GALEGO DE DETECCIÓN PRECOZ DO CANCRO DE MAMA ACADA A SÚA MELLOR TAXA DE PARTICIPACIÓN

- *Realizáronse un total de 153.806 exploracións durante o pasado ano, o que supón un 83,1%*
- *Do total de mulleres exploradas, tan só un 2,41% foron remitidas a unha unidade de diagnóstico e tratamento para complementar as probas realizadas e obter un diagnóstico definitivo*

O Programa galego de detección precoz do cancro de mama da Consellería de Sanidade acadou o pasado ano unha taxa de participación do 83,1%, a súa mellor porcentaxe ata o momento, amplamente superior aos estándares europeos de calidade, tanto no valor aceptable (70%) como no desexable (75%).

En 2016 fixéronse, no marco desta iniciativa, 153.806 exploracións a mulleres entre 50 e 69 anos. Por provincias, na Coruña a taxa de participación foi do 83,56%; en Lugo, do 82,25%; en Ourense, do 82,13%; e en Pontevedra, do 82,4%. Polo tanto, nas catro provincias acadáronse os obxectivos de participación do programa.

Na gran maioría das exploracións o resultado da mamografía foi a ausencia de lesións sospeitosas, tan só un 2,41% das mulleres exploradas en 2016 foron remitidas a unha unidade de diagnóstico e tratamento para complementar as probas realizadas e obter un diagnóstico definitivo.

Así mesmo, as mulleres diagnosticadas polo programa presentaron mellores resultados de supervivencia en comparación coas mulleres do mesmo grupo de idade diagnosticadas de cancro de intervalo (aquele que é diagnosticado en períodos entre cribados) e á marxe del, cunha supervivencia relativa aos cinco anos do 96,6%, 87,4% e 83,1%, respectivamente.

Instalación de novo equipamento e estrutura do programa

Nos pasados anos completouse a dotación de mamógrafos dixitais para todas as unidades de exploración do programa, coa adquisición de 6 novos mamógrafos dixitais xa instalados e en funcionamento.

A estrutura asistencial do programa está formada polas unidades de exploración, que é onde se realiza a proba mamográfica ás mulleres entre 50 e 69 anos; polas unidades de avaliación radiolóxica, que é onde está centralizada a lectura das mamografías; e polas unidades de diagnóstico e tratamento, que están integradas polos servizos de radioloxía, cirurxía e/ou xinecoloxía dos hospitais públicos galegos.

A lectura das mamografías está centralizada nas unidades de avaliación radiolóxica,

formadas por radiólogos que pertencen aos servizos de radioloxía dos complexos hospitalarios da Coruña, Pontevedra e Lugo. A calidade da avaliación radiolóxica está garantida pola experiencia dos radiólogos na lectura de mamografías de cribado, pola súa formación continuada e polo feito de que as mamografías de cada muller son lidas por dous radiólogos de xeito independente, co que se asegura a máis correcta interpretación das imaxes radiolóxicas.

No que atinxe ás unidades de diagnóstico e tratamento, todas elas contan cun comité de mama no que participan especialistas das diferentes áreas, radiólogos, xinecólogos, cirurxiáns, oncólogos e patólogos, entre outros. A elas son derivadas as mulleres que necesitan unha valoración clínica adicional para o seu diagnóstico definitivo e, se é preciso, para o seu tratamento.

O cribado realízase cada dous anos a todas as mulleres entre 50 e 69 anos, e para ser citadas reciben no seu domicilio con 15 ou 20 días de antelación unha carta personalizada, na que se inclúe o lugar, data e hora na que se ten prevista a súa exploración. Isto garante a axilidade na prestación do servizo, evitando esperas innecesarias. Así mesmo, existe un teléfono de atención ás usuarias (981 14 14 14) onde poden xestionar os cambios de cita cando o precisen. Deste xeito, e coa posta en marcha das unidades fixas nos hospitais comarcais, poden adaptar a súa cita previa de acordo coas súas preferencias ou necesidades ao non ter que restrinxir as posibilidades de atención aos días concretos que fixe a unidade móbil. En todo caso, se a muller non acode ao primeiro chamamento, envíase unha nova citación.

O SERGAS CONTINÚA A REFORZAR AS MEDIDAS PARA A HIXIENE DE MANS NOS SEUS CENTROS ASISTENCIAIS, EN LIÑA COA ESTRATEXIA EN SEGURIDADE DOS PACIENTES DA OMS

- *O Día Mundial da Hixiene das Mans celébrase mañá co lema 'A loita contra a resistencia aos antimicrobianos está nas túas mans'*

O Servizo Galego de Saúde, no marco do seu compromiso co desenvolvemento das políticas de calidade e seguridade do paciente, continúa coa implantación efectiva de medidas para a mellora da hixiene das mans, enmarcadas na estratexia da Organización Mundial da Saúde (OMS) que celebra, mañá, o Día Mundial da Hixiene das Mans baixo o lema *A loita contra a resistencia aos antimicrobianos está nas túas mans*.

Neste sentido, a implantación de preparados de base alcohólica nos dispositivos asistenciais segue a medrar. A porcentaxe de camas con estes dispositivos no cuarto era, o pasado ano, xa do 99,4%, fronte ao 54% do ano 2009. No que atinxe aos puntos de atención, a porcentaxe de camas con estes preparados tamén aumentou, chegando a un 53,1% en 2016 (fronte ao 14,5% de 2009), mentres que na UCI esta porcentaxe ascendeu ao 97%. O seu consumo pasou de 11 litros por 1.000 estadías no ano 2009 a 19,03 litros por 1.000 estadías en 2016.

Pola súa banda, a porcentaxe de centros de Atención Primaria con preparados de base alcohólica para a atención domiciliaria foi, en 2016, de 73,5%.

Así mesmo, todos os centros sanitarios do Sergas realizaron o pasado ano accións formativas centradas na hixiene das mans. Ademais, un total de 1.729 profesionais formáronse a través do curso en liña promovido pola Xerencia do Sergas e dispoñible na plataforma MESTRE no ano 2016.

Os obxectivos do Sergas neste eido, recollidos dentro da Estratexia Sergas 2020, inclúen a formación de profesionais e equipos directivos dos centros asistenciais na importancia da hixiene das mans na prevención da infección; a formación dos cidadáns, pacientes e cuidadores en hixiene das mans; o seguimento e monitorización da adherencia ás recomendacións da OMS para a hixiene de mans; e a participación na campaña divulgativa con motivo do Día Mundial, entre outros.

As infeccións relacionadas coa atención sanitaria (IRAS) supoñen unha carga de enfermidade e teñen un efecto económico nos pacientes e nos sistemas sanitarios de todo o mundo. Un dos mecanismos máis importantes na transmisión cruzada da infección nos centros asistenciais son as mans dos profesionais que participan no

proceso de atención. Con medidas sinxelas como unha correcta hixiene das mans e un uso correcto das luvas pódese diminuír o risco de transmisión da infección.

A Estratexia Sergas 2020 inclúe outras liñas de actuación para a mellora da seguridade dos pacientes relacionadas coa prevención das IRAS e a loita contra as resistencias aos antimicrobianos, como o desenvolvemento dun sistema de vixilancia das IRAS; os programas de prevención da infección nas UCI (Bacteriemia Zero, Pneumonía Zero e Resistencia Zero), a implantación de programas para a optimización do uso dos antibióticos nas estruturas organizativas de xestión integrada do Sergas, ou o Programa SABAC para a mellora da seguridade do paciente no proceso cirúrxico, entre outras iniciativas.

Esta estratexia do Sergas está en liña coas actuacións promovidas por outros organismos internacionais, como a OMS, que recomendan unha abordaxe proactiva na xestión de riscos para a mellora da seguridade dos pacientes.

UNS 20.000 GANDEIROS E AGRICULTORES E 800 TITULARES DE INSTALACIÓNS INDUSTRIAIS ESTÁN CHAMADOS A VOTAR PARA ELIXIR OS NOVOS CONSELLOS REGULADORES

- *O Consello da Xunta tivo hoxe coñecemento do proceso que se vai seguir nestas eleccións, que se celebrarán o 9 de xullo*
- *Escolleranse os 180 vogais de 21 consellos que elixirán pola súa vez os presidentes e vicepresidentes en plenos constituíntes*

A Consellería do Medio Rural presentou hoxe un informe ao Consello da Xunta no que se explica o proceso electoral no que están inmersos 21 consellos reguladores dos produtos de calidade galegos. Están chamados a votar preto de 20.000 gandeiros e agricultores, así como 800 titulares de instalacións industriais vinculados ás indicacións xeográficas protexidas e denominacións de orixe.

A convocatoria electoral foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do pasado día 5 de abril e a xunta electoral, con sede na Consellería do Medio Rural, constituíse o venres 28 de abril. A xornada electoral desenvolverase o 9 de xullo entre as 10,00 e as 17,00 h. Ese domingo elixiranse os 180 vogais destes 21 consellos reguladores e son os que escollerán pola súa vez as persoas que ocuparán as presidencias e as vicepresidencias en plenos constituíntes que se celebrarán entre o 17 e o 28 de xullo.

En concreto, o cronograma das eleccións prevé a exposición dos censos provisionais e a presentación de reclamacións do 3 ao 12 de maio, para que os censos definitivos se poidan dar a coñecer a partir do 2 de xuño. Respecto á presentación de candidaturas establécense un prazo do 22 de maio ao 26 de xuño.

Os consellos reguladores son organismos clave no funcionamento dos selos de calidade xa que traballan como os seus xestores e son os encargados de garantir a calidade das súas producións e de promover o seu consumo. A renovación dos seus órganos de goberno é unha obriga legal, cada catro anos, que contribúe ao seu axeitado funcionamento.

Excepcións

Nesta convocatoria están incluídos todos os consellos, salvo catro excepcións: o da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) do Pemento de Oímbra e do Mougán porque son os de máis recente creación e aínda non teñen un número de inscritos suficiente. Tampouco o Consello Regulador da IXP Lación Gallego, que aínda debe adaptar a súa regulación á actual lexislación autonómica sobre a materia e o da IXP *Tenera Gallega*, porque está previsto a súa reformulación nun novo que tamén xestione a futura IXP Vaca e Boi de Galicia.